

O Seminario de Mondoñedo: un alpendre de sombra e de luar

FÉLIX VILLARES MOUTEIRA*

Excmo. e Rvdmo. Sr. Bispo de Mondoñedo-Ferrol, co-patrono da Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo. Excmo. Sr Presidente en funcións da Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo. Ilmo. Sr. Vicario Xeral da diocese de Mondoñedo-Ferrol. Ilmos. Srs. académicos da Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo. Miñas donas e meus señores.

Necesariamente teño que comezar a miña breve intervención (dixéronme que non pasase dun cuarto de hora) no eido da gratitude xa que, como di o refrán, «é de ben nados, ser agradecidos». E vouno facer parafraseando a un dos poetas que pasaron polas aulas deste centro, parafraseando o poema de Xosé Crecente Vega titulado «Letanía aldeán»:

- . Bendito sexa Deus pola Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo
- . Bendito sexa Deus polos señores Bispos de Mondoñedo-Ferrol e de Ourense, co-patronos da mesma.
- . Bendito sexa Deus polo académico don Ramón Loureiro que propuxo a miña candidatura para se académico correspondente.
- . Bendito sexa Deus por todos os señores académicos que me aceptaron por unanimidade.
- . Bendito sexa Deus por este Seminario que hoxe nos acolle
- . Bendito sexa Deus por tantas persoas que me felicitaron por esta designación
- . Bendito sexa Deus polo reitor e o persoal do Seminario que hoxe nos reciben e atenden con moito agarimo.

E, como remata o poema de Crecente:

Bendita a Vida e o Amor.

Bendita Nosa Señora.

Bendito Noso Señor.

Amén

* Félix Villares Mouteira é sacerdote; o 22 de agosto de 1988 foi nomeado Rector do Seminario Menor de Santa Catalina de Mondoñedo, sendo o primeiro profesor de Lingua Galega do Centro. Desde o 1 de setembro de 1999 a xuño de 2006 foi Vicario Xeral do Bispado de Mondoñedo-Ferrol. Na actualidade é Director do Arquivo Diocesano do Bispado de Mondoñedo-Ferrol.

Tamén quero dicir que pido a Deus pola rápida recuperación do Excelentísimo Sr. D. Segundo Leonardo Pérez López, presidente da Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo.

O título da miña intervención: **O SEMINARIO DE MONDOÑEDO: UN ALPENDRE DE SOMBRA E DE LUAR**, pode sorprenden. Por iso, quero dicir dúas palabras sobre o mesmo.

«Un alpendre de sombre e de luar» é un verso dun poema de Aquilino Iglesia Alvariño que se titula «Oración do sapo». Nesa oración o sapo diríxese a Deus e pídelle que o libre dos perigos do mundo dos sapos:

*das cousas que andan a correr,
Dos pucheiros cheos de auga, nas hortas,
e da boca das cobras,
e da roda dos carros,
e de tódolos bichos malos.*

Para rematar dicindo:

*Dáinos, Señor,
un alpendre de sombra e de luar
para cantar.*

No Real Seminario Conciliar de Santa Catarina de Mondoñedo atoparon ese «alpendre de sombra e de luar», onde aprenderon e compuxeron os seus versos.

A chamada Escola Literaria Diocesana ten como alicerce os poetas formados no Real Seminario Conciliar de Santa Catalina de Mondoñedo, aínda que poidamos dicir que pertencen a ela outros poetas coma Cunqueiro ou Díaz Jácome que, por máis que non pasaron polas aulas do Seminario, este influíu dun xeito decisivo na súa obra a través dos seus profesores e das tertulias mantidas cos seminaristas na barbería do Pallarego.

O REAL SEMINARIO CONCILIAR DE SANTA CATALINA DE MONDOÑEDO: BREVENOTICIA HISTÓRICA

Os seminarios nacen a raíz do Concilio de Trento. O de Mondoñedo foi o terceiro de España e o primeiro de Galicia.

1565: O Concello de Mondoñedo, presidido polo bispo Maldonado, o día 22 de outubro, acorda solicitar do Concilio Provincial autorización para erixir un Seminario.

1583: Fundación do SEMINARIO CONCILIAR DE SANTA CATALINA baixo o pontificado do bispo Caja de la Jara. O primitivo edificio compuñábase de dúas casas na rúa Padilla, hoxe Afonso VII

1699: Lévanse a cabo as obras da primeira ampliación do edificio do novo Seminario.

1770: O bispo da Diócese Losada e Quiroga promove a construción dun novo edificio, nunha horta coñecida do nome de Turrillón, á beira da Catedral, construción que remata cinco anos despois. O edificio consta de planta baixa e primeiro piso.

1775: Nesta época é cando o Seminario acada o seu maior esplendor, baixo o Patronato Real de Carlos III, que lle concede o título de REAL SEMINARIO CONCILIAR DE SANTA CATALINA, chegando a contar con douscentos seminaristas.

1835: En plena guerra, o Seminario é transformado en forte para os habitantes da cidade, construíndo dúas torres e pontes levadizas.

1888: O bispo don Xosé María Cos e Macho comeza a ampliación do edificio, construíndo un segundo piso sobre a edificación xa existente. As obras rematan o ano seguinte como pode lerse no frontispicio que hai na fachada principal.

1910: Don Xoán Xosé Solís e Fernández, bispo da Diócese, acomete a edificación de novos locais para cociña e comedor.

1930: Monseñor Solís e Fernández leva adiante a construción do xa desaparecido Seminario Menor, adosado ó edificio xa existente

1947: Don Fernando Quiroga Palacios, daquela bispo de Mondoñedo, comeza a gran ampliación do Seminario coa construción de novos pavillóns. Estas obras prolongáronse varios anos.

1954: O día oito de setembro, don Mariano Vega Mestre, bispo que sucedera na sé mindoniense a don Fernando Quiroga Palacios, inaugura a nova Capela Maior e baixo o seu pontificado concluírán as obras de ampliación do Seminario.

1967: Sendo bispo don Xacinto Argaya Goicoechea, o Seminario Maior trasládase a Salamanca onde se crea o Teologado Diocesano San Rosende nunha casa adquirida na rúa Torres Quevedo na capital charra. Os alumnos asisten ás clases da Universidade Pontificia de Salamanca. En Mondoñedo só queda o Seminario Menor.

1970: O Seminario Menor Diocesano é autorizado, polo Ministerio de Educación e Ciencia, a imparti-lo Bacharelato Elemental, tendo os seus estudos validez oficial.

1971: Dado os poucos alumnos, péchase o Teologado Diocesano San Rosende e os seminaristas pasan a residir no Colexio Maior Nuestra Señora de Guadalupe (Colexio Hispanoamericano), en Salamanca.

1977: Os seminaristas maiores diocesanos empezan a trasladarse ó Seminario Maior de Santiago de Compostela, no Mosteiro de San Martiño Pinario, xunto cos doutras dioceses de Galicia, tentando a posta en marcha dun Seminario Rexional.

1986: O día cinco de xaneiro comézase a experiencia dun novo Teologado Diocesano en Santiago de Compostela, estando vacante a sé mindoniense e sendo Administrador Diocesano don Uxío García Amor. Para iso alúganse provisoriamente uns pisos na capital compostelana. Os alumnos asisten ás clases no Instituto Teolóxico Compostelano, centro afiliado á Facultade de Teoloxía da Universidade Pontificia de Salamanca.

1988: Depois de remata-la obras de acondicionamento para o novo Teologado Diocesano San Rosende, no Seminario Menor de Belvís en Santiago de Compostela, tralo acordo asinado polo arcebispo compostelano Monseñor Rouco Varela e mailo bispo da Diócese de Mondoñedo-Ferrol, monseñor Gea Escolano, inaugurase o novo Teologado Diocesano o día cinco de outubro, cun solemne acto no que participan os bispos de Galicia e representacións do clero diocesano e das outras dioceses galegas.

1991: Rematan as obras de remodelación do Seminario Diocesano de Mondoñedo, que comezaran un ano antes, promovidas polo bispo da Diócese, don Xosé Gea Escolano. Ademais de lousar de novo a parte vella do edificio e dotalo de calefacción, as obras inclúen a construción dunha Residencia Sacerdotal, unha Hospedería e a remodelación das habitacións dos alumnos do Seminario Menor.

1993: O Excmo. e Rvdm. señor Nuncio da S.S. en España, monseñor Mario Tagliaferri, bendice as novas instalacións o día 22 de marzo, acompañado polo bispo da Diócese, monseñor Gea Escolano e un grupo de sacerdotes.

A ESCOLA POÉTICA DO SEMINARIO DE MONDOÑEDO

O Real Seminario Conciliar de Santa Catalina de Mondoñedo tivo, e podemos dicir que tivo e segue a ter, unha gran importancia dentro da cultura galega. Se botamos unha ollada á Historia da Literatura Galega, vemos que, ata fai pouco tempo, a totalidade dos poetas e escritores do norte da provincia de Lugo pasaron polas aulas do Seminario mindoniense ou estiveron, dalgún xeito vencellados a el a través dalgún dos seus profesores ou a través do contacto con alumnos que alí cursaban os seus estudos. Pódese dicir que non hai en Galicia, fóra da Universidade de Santiago de Compostela, un centro de ensino polo que teñan pasado tantos e tan egrexios escritores. Este é un feito que está aí e que ninguén pode negar.

É evidente que isto ten as súas explicacións, como imos ver. Por unha banda, o Seminario de Mondoñedo foi, durante moitos anos, o único centro de ensino superior que había en todo o norte da provincia de Lugo. Por outra parte, era un centro barato e, xa que logo, asequible, ás economías rurais de por sí moi modestas. A isto hai que engadi-lo grande prestixio que tivo o Seminario en tempos de Carlos III e en anos posteriores. Por último, outra razón pola que saíron tantos poetas e escritores é que o Seminario tiña un bo plantel de profesores que animaban ós alumnos a escribir.

Ata fai poucos anos, a maior parte dos escritores do Seminario de Mondoñedo foron poetas. Así os estudiosos da Literatura Galega falan, ó referirse a estes escritores, da chamada Escota poética do Seminario de Mondoñedo. Manuel María en Noticia da vida e poesía de Xosé Crecente Vega, publicado en Coimbra, di:

«O Seminario de Santa Catalina de Mondoñedo vén ser o eixo sobor do que xira, dende hai séculos, a vida intelectual da cidade. O Seminario de Mondoñedo é unha escola, ó menos dendes do século XVIII, de poesía galega que chega deica os nosos días. Importantes poetas galegos se formaron nas súas aulas».¹

Tódolos críticos e estudiosos da Literatura Galega recoñecen a existencia e a importancia desta Escota poética da que forman parte, entre outros, Antón María de Castro e Neira, Lois Corral Rodríguez, Xosé María Corral Rodríguez, Xacinto Romualdo López, Pascual Saavedra, Nicomedes Pastor Díaz e Corbelle, Xosé María Chao Ledo, Francisco de Paula Buón, José M^a Portal González, Felipe Lence Pérez, Manuel Leiras Pulpeiro, Antón Noriega Varela, Manuel María García Castro, Leoncio López de las Casas, Antolín Santos Mediante Ferraría, Francisco Amor Méndez, Celestino Cabarcos Suárez, Daniel Pernas Nieto, Ricardo Bodenlle Corral, Francisco Fanego Losada, Manuel Rico Prieto, Fernando Pérez Barreiro, Manuel Pérez Pérez, Xosé Crecente Vega, Xosé Trapero Pardo, Xosé García Cascudo, Enrique Chao Espina, Aquilino Iglesia Alvariño, Antonino Roca Roca, Xosé María Díaz Castro, Xosé Antón Rivas Reigosa, Anxo Seijas Cendán, Benxamín González Quelle, Uxío García Amor, Carlos Díaz Sante, Xosé Ramón Goás Gómez, Amador R. Fernández Mejeiras, Xosé Chao Rego, Xosé Manuel Vázquez González, Anxo Ferreiro Currás, Xosé Bello Lagiuela, Lázaro Domínguez Gallego, Pedro Díaz Fernández, Bernardo García Cendán, Antón Martínez Barcón, Marcos Mariño Parapar Lago, Antonio Rivera García, Ricardo Timiraos Castro, Wenceslao Vila Poupariña, Xosé Martinho Montero Santalha, Segundo Leonardo Pérez López, Vicente Míguez Salgueiro, Xesús Lustres Blanco, Luís Miguel Lustres Blanco, Camilo Valdehorras, Josechu Artiaga Díaz.

Polas aulas do Seminario de Mondoñedo, ademais destes poetas, pasaron outros escritores que non cultivaron a poesía ou si a cultivaron, pero que teñen publicados varios libros, sobre todo de investigación, como poden ser Enrique Cal Pardo, Santos Sancristóbal Sebastián, Xosé Chao Rego, Xosé María Fernández e Fernández, Digno Pacio Lindín, Xosé María Díaz Fernández, Segundo Leonardo Pérez López, Xosé Manuel Carballo Ferreiro, Xosé Martinho Montero Santalha, Ramón Villares Paz, Manuel Rivas García, Antón Costa Rico, Xosé Rubal, Camilo Valdeorras, e algún outro que pode quedar no tinteiro.

Como podemos ver a nómina de poetas que pasaron polo Seminario de Mondoñedo é ampla. En todos eles atopamos unhas características comúns, que son as que fan que, en realidade, se poida falar dunha Escola poética, dunha mesma familia poética. Velaquí as características:

1.- En todos eles se deixa ver unha fonda formación humanista que recibiron no Seminario e que reflexerán nos seus poemas. Como mostra este poema de Díaz Castro, publicado en *Nimbos*:

*Poeta ou non, eu cantarei as cousas
que na soleira de min mesmo agardan.
Alumarei con fachas de palabras,
ancho herdo meu, o mundo que me deron.*

*Aí están, coma brasas contra a noite,
as vellas cousas, cheas de destinos.
Ollos que piden, de famentos nenos.
Ollos que esperan, dunha adolescente.*

*Galiza en min, meu Deus, pan que me deron
leite e centeo e sono e lus de aurora.
Longa rúa da mar, fogar da terra,
e esta cruz que nos mide de alto a baixo.*

*Con este alento, eu lles darei ás cousas
o drama cheo que lles nega a vida:
dareilles rostros, pra que se conozan,
palabras lles darei pra que se entendan.*

De Crecente Vega escribe Manuel María:

«O poeta chairego por excelencia é Crecente Vega. Toda a poesía de Crecente está fondamente enraizada nos motivos campesiños da súa terra. Sen a Terra Chá non se pode explicar a poética crecentiana. O mundo labrego, tranquilo, no que o tempo se conta por sementeiras e colleitas, é motivación nos versos do crego-poeta que humaniza todo canto ten ó seu redor. Un mundo elemental, sinxelo e puro. O mundo puro, elemental e impresionantemente sinxelo da Terra Chá luguesa».

Este humanismo de que fala Manuel María pode verse neste soneto de Crecente:

*Din que no'hai dor que o corazón no'aguante
que ninguén morre hastra que está de Dios;
i é certo; máis que seña a tropezóns,
vai un andando pola vida adiante.*

*¡Ai, ai, Señor! ¡Que triste é non poder
nin erguer nin pousar! A senda é larga,
je un ten que ir arrastrándose coa carga,
coma o sapo estripado, sin morrer!*

*Sigue, home, sigue, e fala e ri coa xente;
sendo ti mesmo, sen outro calqueira.
¡Ai, ai, Señor! Cando lle fixo falla*

*tivo o largato a raioliña quente,
tivo a quente humidade a sacabeira...
Se ten que ser así ¡que Dios me valla!*

2.-Outra característica é que beben nos clásicos latinos cos que se puxeron en contacto nas clases de Latín. Isto pode verse polos títulos dos poemas en latín, polas citas dos autores latinos, pola imitación das formas poéticas latinas, e mesmo, moitos destes poetas traducen ós clásicos latinos. Como exemplo vexámo-lo soneto de Crecente Vega titulado *O fortunatos nimiurn...!*, que lembra ó *Beatus ille* de Horacio:

*Ben ditoso é o labrego que se poda
valer en si, sin traballar no alleu;
que ten pra dar ós fillos unha coda;
un peso pra gastar; gado de seu.*

*Terras onde coller, si axuda a sorte,
o maínzo a fartar, trigo e patacas;
e bos estrumes pra meter na corte,
e bos regados pra mante-las vacas.*

*E unha casiña, en pedra pedrexada;
grande a lareira, para que a rolada
de nenos queipa ó rente do remol.*

*Con seu hórreo na eira, e seu alboio.
Ancho o curral. Ventás de cara ó sol...
Quen esto ten ;para que quer máis choio?*

Tamén se pode ver a influencia dos clásicos neste poema de Chao Ledo titulado *A volta da primaveira (Imitación de Ovidio)*, que, segundo Manuel María, é un dos mellores poemas galegos:

*O brando Favonio xa sopra na veiga.
O merlo asubía fervendo de amor.
A doce ruliña xa brúa na chousa.
Xa atruta nos soutos o cuco traidor.*

*Os nenos xa collen as lilas i as maias
na beira do río, no monte e no val.
Xardís son as veigas i os altos penedos.
Xardín delicioso volveuse o toxal.*

*A cabra relouca nas brañas pacendo
ó doce da abella monótono son...
Roseiras, ourego, perfumes, cantares.
¡Que Dios te bendiga, garrida estación!*

*O noso labrego sorrindo ademira
os agros inmensos que veñen e van;
os agros inmensos que chucha Favonio
os agros inmensos i as combas que fan.*

*Ei, Musa, desperta, ruliña graciosa.
Pasaron as neves, abril xa chegou.
Na beira do río pulsémo-la lira
as maías xa baila; xa o merlo cantou.*

*Cantémo-las veigas, cantémo-los montes,
cantémo-los ríos i as voltas que fan;
cantémo-los agros, ruliña graciosa,
os agros inmensos que veñen e van.*

3.- En todos estes poetas se deixa ver unha fonda preocupación pola fala e todos teñen unha grande riqueza léxica. Están en contacto coas xentes do pobo e recollen voces, xiros, refráns, etc. O léxico dos seus poemas é o léxico que empregan os seus veciños. Aquilino Iglesia Alvariño escribiu:

*«Poetas para los que la temática arranca directamente del vivir gallego, de sus cosas y gentes, del campo y del mar, y para los que la expresión es la lengua viva del pueblo, fielmente trabajada, a veces con arte exquisito».*²

Pola súa banda, Luciano Rodríguez en «A poesía de Aquilino Iglesia Alvariño», di:

*«Podemos dicir que é un dos maiores logros dos poetas humanistas está na dignificación do idioma mediante a reivindicación do popular, vulgarmente considerado como zafio e inculto».*³

De Leiras Pulpeiro di Aquilino Iglesia Alvariño:

*«Leiras sabía a lingua dos paisanos tan ben coma os paisanos, mellor que os paisanos que, como é natural, non chegan ó fondo das expresións que din. Levado da gracia destes ditos, díxonos as mesmas cousas que os paisanos din, con toda a sinxeleza dos paisanos, con toda a retranca, pero sin nada máis. A lingua non daba máis de si».*⁴

De Crecente Vega escribiu Anxel Fole:

*«Era un poeta sencillo y verdadero, un inspirado cantor de cosas elementales. Sin escuela, sin ismos, sin moda. Nada novedoso. Canta naturalmente, como los pájaros. Siente la necesidad de cantar en el grave y melodioso gallego de sus eidos nativos».*⁵

Freixeiro Mato di de Crecente:

*«A lingua de Crecente Vega segue o modelo da fala popular dos labregos, sen concesións ao mundo intelectual en que o autor profesionalmente se moveu, manténdose a grandes trazos dentro das coordenadas lingüísticas que caracterizan a escola poética mindoniense formada no Seminario. Podemos concluír afirmando que responde ao modelo de lingua rural, caracterizada pola sinxeleza e pola espontaneidade, onde aparece reflectida a fala humilde dos labregos, coa gracia e coa frescura que a caracterizan».*⁶

Alfonso Blanco Torrado, en «Ascensión dun poeta», escribe, referíndose a Díaz Castro:

*«mergúllase nos recantos da lingua popular pola que el sempre apostou (...) É unha escrita feita nun galego coloquial, popular, que será sempre unha das características do idioma empregado por Díaz Castro (...) Traballa as palabras coma os canteiros da súa parroquia se entregan a busca-las formas que acochan e esconden as pedras de gra das canteiras de Parga».*⁷

4.- Tódolos poetas do Seminario están nunha liña poética popular e costumista. Os exemplos que se poderían poñer son moitos. Abonda con le-los poemas *O galo*, *Unha festa como hai moitas* ou *Pousadoiro*, de Leiras Pulpeiro; *De Ruada*, de Noriega Varela; *A Romería* ou *A Noiteboa de 1871 cantada por un peilao*, de Chao Ledo; *As greas de As San Lucas*, de Pernas Nieto. De Aquilino Iglesia Alvariño é este poema titulado *A San Juan de Seivane*:

*San Juan, o noso patrón,
o Santo da nosa aldea
é o máis paisano de cantos
á redonda se festexan.*

*Coa súa variña na mau
e ó carón da súa ovella,
parece mesmo un paisano
nos altos de Cabanela.*

*iAi, San Juan de Seivane!,
sempre enramado de zreixas,
que fai abrochalar rosas
coloradas nas roseiras.*

*Cando chega a súa festiña
tódalas cousas se alegran.
¡Inda entre as herbas miúdas
abrochan flores marelas!*

*I é unha bendición de Dios
pasar por entre as xesteiras,
e velas todas na flor
todiñas de ouro amarelas.*

*Penso nun día ir a verte
ó redor da nosa igrexa
no medio dos teus paisanos
e a carón da túa ovella.*

*Levarante catro mozos
dos que ora volven da guerra.
¡Mais de catro te levaran
que quedaron nas trincheiras!*

*Ai meu San Juan de Seivane,
santiño da miña aldea.
¡Que tempos aqueles tempos
ledos das tumbadas festas!*

De Daniel Pernas Nieto é este poema titulado *O xogo da brísca*

*Vai vindo a noite mainiña
cubriendo o Ceo de estrelas,
mentras que a lúa no chau
raios de prata refrexa.
Cando aló lonxe aturuxan
outro máis forte contesta,
que os montañeses son foscos
valentes son o de veras;
e naide lles pranta raia
onde queíran que se vexan.
Ju... Ju... Ju... Un aturuxa,
é Marcos da Porticela
que vai xogar a briscada
decote cabo de Andrea,
pois xa dicen no lugar
que ha de sela compañeira.
O galán di para si:
esta noite ha de haber festa...*

*e poñéndose de escoita,
sintiu ruxir na cortella,
falou de fala mudada...
-¿Quen anda na cambeleira?
- Estou coando cachelos,
respondeu de dentro Andrea,
seique te trouxo o pecado,
parece que osmas a festa.
E sin ningún cumprimento
abrindo a porta Rosenda,
faloulle polo baixiño
a Marcos ó pé da orella.
- Pasa quentarte bon peixe,
que hoxe ha de haber xogarreta.
- Boas noites, que lles preste.
- Se queres báixate á cesta.
- Moitas gracias, xa cenei.
- Colle sardiñas salpresas,
que un gotiño has de bebelo,
anda, déixate de leria,
bebe, Marcos, dálle arriba,
que é viño da nosa terra.
- Viva o viño do Ribeiro.
- Que vivan as montañasas,
respondeu sorrindo Marcos
chiscándolle do ollo a Andrea;
veña brisca e xogaremos
unha partida. - ¿Abofellas?
- Ten cachaz agora mesmo,
traí pra acó esa candilexa
que has de levar que contar
por onde vaias e veñas.
E postos todos de xenio
fóronse chegando á mesa.
Os vellos xogaban xuntos,
e os novos daban as señas
que o máis sabido no xogo
tivéralles moita envexa,
véndolles trusga-los ollos
e roxadas as meixelas.
.....
Xa logo cantaba o galo
cando saliu polas eiras
Marcos, aturuxando forte
pra facer ver que na apea,
que os montañeses son fósicos,
valentes o son de veras.*

5.- Tódolos poetas da Escola do Seminario son os cantores das cousas pequenas, teñen un afán e un amor franciscanista polas cousas humildes e sinxelas. Vexamos unhas mostras: De Díaz Castro é este poema titulado *Esmeralda*:

*Herba pequerrechiña
que con medo surrís
ó sol que vai nacendo
e morrendo sin ti,
¿porque de ser pequena
te me avergonzas ti?
¡O Universo sería
máis pequeno sin ti!*

De Noriega Varela é este:

*É de prata a folerpiña,
de ouro vello a frol da xesta:
ben pode rumar o monte,
¡señor de tanta riqueza!*

Ou estoutro de Noriega titulado *Pasa un vermiño*

*No me tripes, camiñante:
cousiña insignificante,
teño un santo a meu favor
que chama ó lobo errante
irmao e representante
das finezas del Señor.*

Tamén se pode ver ese amor polas cousas pequenas e humildes neste anaco do poema de Chao Ledo titulado *Historia dunha rosiña*:

*E vina... fror sen ventura!
Xa deitadiña no chan...
Morta, si... tanta hermosura.
Deume máis e máis tritura
e acaricieina coa man.*

Ou este de Crecente Vega que canta as flores dos toxos e que se titula *Chorimas*:

*Flores de toxo, floriñas,
pequeniñas,
amarelas.
Non hai outras coma elas,
que xa amosan as espiñas
cando a man vai a collelas.
Flores de toxo, floriñas,
agruchadas entre espiñas
coma as flores, xa murchiñas,
das miñas profundas dores...
Sodes as máis belas flores.
¡Sodes vós as flores miñas!*

Este poema de Aquilino Iglesia Alvariño, titulado *Psalmo floral*, é outra das mostras deste afán franciscanista de amor ás cousas pequenas e humildes:

*Bendital-as tristes froliñas humildes e pequerrechiñas:
Froliñas d'o do ceio que Noso Señor sementou nas liñeiras,
Nas gándaras esquivas, nos ermos penedos, éntrel-as sylveiras...
¡Humildes froliñas!*

*Enlévo d'os cardos e d'as carrasqueiras...
Froliñas sangrantes qu'expiran entrel-as espiñas:
¡Froles desfolladas! ¡Froles mimosiñas!,
Ó mancer nascidas na i-herba d'os prados i-o trigo d'as leiras...*

*Froliñas saudosas -¡lontanas hirmáns das estrelas!-
Por montes e vales ás lindas pastoras eu vin recollel-as,
E pôl-as nas trenzas loiriñas que brillan co'as xóias d'a Aurora...
Froliñas humildes nascidas por entrel-as pedras...!
¡Dios queira que os anxos, nas verdes garlandas de mirtos e i-hedras,
Vos leven postiñas ás festas xoiantes de Nosa Señora...!*

6.- Nos poetas do Seminario hai un predominio do descritivo sobre o lírico. Así podemos lembrar aqueles versos de Leiras Pulpeiro referidos a Mondoñedo:

*Cunquiña deleitosa,
onde todo frolece e todo medra;
recuncho que ós magoados dás refolgos
co incenso da maleza
i a sombra dos seus soutos caladiños
i a iauga das súas fontes, limpa e fresca.*

Ou a descrición que fai Xosé María Chao Ledo dos agros da Chaira con trigo ou centeo no poema titulado *A primaveira*, do que son estes versos:

*O noso labrego sorrindo ademira
os agros inmensos que veñen e van;
os agros inmensos que chucha Favonio
os agros inmensos i as combas que fan.*

Ou a descrición que fai Aquilino Iglesia Alvariño no poema titulado *A aira*. Velaquí as primeiras estrofas:

*Velaquí te-la aira, miña amiga,
pra ler os meus versos, de vagar,
sentada nun cachopo de cerdeira.*

*Os palleiros, cubertos e enveados,
aliñanse panzudos contra as hortas,
como cúpulas de ouro ó sol da tarde.*

*Estes son os da herba, que recenden
a madureiro. E aqueles, os da palla,
co trigo xa nacido no curuto
coma pra un nacemento.*

¿E que dicir da descrición que fai Crecente Vega dunha aguillada neste poema titulado *A miña aguillada*?

*Quero unha aguillada que seña un tesouro,
que non teña falta desde a punta ó cabo,
feita dun caxoto de carballo mouro
criado entre silvas nun terreo escravo.*

*No forno escocida i escarapelada,
de freba moi limpa, dereita, sin nós.
Pulida e xeitosa. Quero unha aguillada
das millor feitiñas que puido dar Dios.*

*E ben enferrada con ferrón de aceiro,
porque unha aguillada que non ten ferrón
ni é honra do dono, ni é pau duradeiro,
nin limpa un arado, nin fende un terrón.*

*E por si algún día chega unha ocasión
en que Xan labrego poda ergue-la man,
quero unha aguillada que me sirva entón
pra medirlle as costas a algún pillabán.*

*Ni unha falta triste dende a punta ó cabo,
que digan os homes: ¡a vara naceu!;
feita dun caxoto de carballo bravo,
jesa é a aguillada que quero ter eu!*

Tamén de Crecente é o seguinte soneto, referido a Mondoñedo:

*A ermida dos Remedios, o Pazo, a Catradal,
os Cristos, as casonas... Son os testigos mudos
da súa historia antiga e santa e señorial,
escrita nas imaxes, nas pedra, nos escudos.*

*Fontes, vales, muíños... igual hoxe que ontas
ten Mondoñedo encantos de virxe pudorosa.
Deitada tranquilmente no colo dos seus montes
durmindo está seu sono -sono de paz saudosa,*

*sono de paz profunda e mística e perene,
que voa no tanguido compasado e solene
do Esquilón cando pica e a Paula cando toca-*

*Por eso gardan nela, cal dous guardiás xigantes,
eternamente inmóbres, eternamente amantes,
dun lado o Padornelo, do outro a Pena da Roca.*

Chao Espina describe a Mondoñedo nun fermoso poema ó que pertencen este versos:

*Todo aquel cunco de casas
e rúas soa ó pisar,
coma báculos de bispos
antergos na soedá.*

*Noutrora foi Raíña
dende o Padornelo ó mar.
Hoxe é velliña acougada
entre a friaxe invernal.*

7.- Por último, outra característica dos vates da Escola poética do Seminario de Mondoñedo é que todos son homes fundamentalmente relixiosos e o tema relixioso aparece na súa poesía. Isto aínda naqueles máis anticlericais, como Leiras Pulpeiro. As mostras poderían ser moitas. Unha parte destes poetas do Seminario compoñen versos Nadal para seren recitados nas igrexas polo Nadal, tradición que comeza no século XVIII e chega deica ós nosos días. Abonde con citar *A oración do romeiro*, de Chao Ledo; *A transfiguración*, de Díaz Castro. Velaquí o poema de Noriega Varela titulado *¡Bendita sea a luz do día!*:

*Bendita sea a luz do día,
Bendito seña quen a cría,
Bendita a auga das fontes,
Bendita a urce dos montes;
Bendito o liño na estriga,
Bendito o pan na espiga,
E o pan branco, xa cocido,
Bendita a ovella que dá a lan,
I o arado que labra o chan;
Bendita a Virxen Santa María
Para que nos dé un bon día,
E na hora da nosa morte
Nos asista e nos conforte,
Nos dé gracia, nos día luz,
Ora e sempre, amén Jesús.*

De Crecente Vega é este poema titulado *Oración*:

*Señor,
polo teu amor...*

*Pra o probe que amosa a man
un bocadiño de pan.*

*Pra o que morre de segura
unha sede de auga pura.*

*Pra o que aterece de frío
dunha raiola o desafío.*

*Pra o que ás escuras camiña
o claror duha estreliña.*

*Pra o que ten falla de alento
unha rachiña de vento.*

Señor...

De Crecente son tamén estes versos:

*Pola auga limpa
i o vento oureador,
bendígovos, Señor.*

*Polo monte bravo,
polo prado mol,
bendígovos, Señor.*

*Pola horta briza
i os frutás en flor,
bendígovos, Señor.*

*Polo pan da terra,
pola luz do sol,
bendígovos, Señor.*

*Polas crías novas,
polo gado mor,
bendígovos, señor.*

*Polo ben do lume,
polo ben do amor,
bendígovos, Señor.*

De Aquilino Iglesia Alvariño é este poema titulado *Oración do sapo*:

*Señor, que estás nun reculliño de sombra,
e andas sempre por camiños de noite,
e cantas cada hora e cando o teu cantar
sin que ninguén se mofe de Ti.*

*Líbranos, Señor,
das cousas que andan a correr.
Dos pucheiros cheos de auga, nas hortas,
e da boca das cobras,
e da roda dos carros,
e de tódolos bichos malos.*

*Dainos, Señor,
un alpendre de sombra e de luar
para cantar.
E un carreiriño de vagalumes
polas hortas vizosas do teu reino.*

Tamén este poema de Uxío García Amor, titulado *Abre os nosos ollos*, nos pode servir de mostra da relixiosidade dos poetas da Escola do Seminario.

*Abre os nosos ollos:
fai que coa túa gloria
saiban descubrirte
vendo a luz na sombra.*

*Ti, transfigurado,
Ti, Señor da historia:
na túa luz nos vemos
a luz que transforma.*

*Vemos no pan noso,
que sabe a congoxa,
o Pan xubiloso
que leva a túa forza.*

*Abre os nosos ollos:
fai que se nos volvan
capaces de verte
na vida e na historia.*

Como exemplo desta vivencia relixiosa que reflicten na súa poesía, tamén nos pode valer este poema de Bernardo García Cendán titulado *O noso Credo*

*Creo en Deus, dono da Vida
que xorde nas nosas leiras,
no mar, nas chousas, nas rías,
nos montes, nas carballeiras.*

*E quer vivir entre nós,
camiñar á nosa beira,
entrar connosco nas casas
pra se quentar na lareira.*

*Eu confío nese Deus
que se xongue ás nosas mans
nos traballos, nos esforzos
que un novo mundo farán.*

*Creo no Cristo que vive
naquel que deixa suores
na oficina, nos talleres,
nas redes e nos tractores.*

*Vive na fe de quen loita
pra que a terra-nai cobixe
na paz a tódolos fillos
sen que ninguén teña que irse.*

*Fíome do sangue ardente
e da rabia de quen ama
agardando un mundo novo
que co seu esforzo adianta.*

*Creo no Espírito que vive
na liberdade e libera.
Anima sempre ós que loitan
pra ser donos da súa terra.*

*Vive en quen quebra cadeas
e xorde nos nosos nenos
cando falan sen complexos
a lingua dos devanceiros.*

*Está presente nos feitos
que a liberación achegan
ós pobres, ós aldraxados
e á nosa muller galega.*

Esta característica da relixiosidade dos poetas do Seminario vese moi ben tamén no longo poema de Crecente Vega, titulado *Estreliña nova*, no que describe como Deus creou o vagalume. Del son estes versos:

(...)

*E todo o atopou moi ben. Pro aconteceu
que, por pararse moito en ver tanto ben seu,*

*Anoiteceulle embaixo. E cuase lle deu pena
no'achar aquí unha luz nin grande nin pequena.*

*«O ceio é grande –dixo-. ¡Que enxamen! ¡Que tendal!
Á terra unha estreliña non lle daría mal.*

*Unha estreliña nova que fora terra e luz;
que se afixera embaixo; que lle alumara á Cruz».*

*I entón Quen todo xerme fixo nacer sin xerme
parouse e maxinou e dixo. «Seña un verme».*

*I ó caer na silveira a creadora verba,
un verme pequeniño rebuleu entre a herba.*

*E dixo Dios: «Agora que teña a luz do astro
este animal cativo que ten de andar arrastro».*

*E unxeuno entón un vago e tépido relume,
e relumeou o verme, e foi o vagalume.
(...)*

Estas son as características xerais que podemos atopar na obra da maior parte -ou, polo menos, dos máis significativos- dos poetas que pasaron polas aulas do Real Seminario Conciliar de Santa Catalina de Mondoñedo e que permiten afirmar que estes poetas constitúen unha Escola poética, a Escola poética do Seminario de Mondoñedo.

Dixen

NOTAS

¹ Fernández Teixeiro, Manuel María, *Noticia da Vida e Poesía de Xosé Crecente Vega*, (Coimbra 1968), separata de *Biblos*.

² Iglesia Alvariño, Aquilino, «Poesía gallega contemporánea», en *Humboldt*, nº 6, (Hamburgo 1961), páxina 42.

³ Rodríguez Luciano, *A poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*, (Lugo 1994), páina 84.

⁴ Iglesia Alvariño Aquilino, *A lingua dos poetas do norte da provincia de Lugo*, (A Coruña 1964), páxina 16.

⁵ Fole, Anxel, «A Terra Chá é... ben trovada», en *El Progreso*, Lugo 22-12-1958.

⁶ Freixeiro Mato, José Ramón, «O galego literario de Crecente Vega na tradición poética mindoniense», en *Amencer*, número 150, Mondoñedo, maio 1998, páxina 56.

⁷ Blanco Torrado, Alfonso, *A ascensión dun poeta*, (Lugo 1995), páxinas 26, 30, 126.